Persicaria capitata (> Polygonum capitatum) (Buch.-Ham. ex D.Don) H.Gross, 1913

- pexegueira de xardín, persicaria de xardín, tapete inglés, herba do Himalaia
- persicaria, nudosilla, hierba del Himalaya
-
- cap d'ase
- pink-headed persicaria
- polígono de jardim



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Caryophyllales**	**Polygonaceae**	***Persicaria***

ORIXE

Himalaia e o leste de Asia.

CARACTERÍSTICAS

Herba perenne, a miúdo coa base leñosa e talos rastreiros que enraízan nos nós. Follas alternas, con forma variable, xeralmente cunha banda en forma de "V" invertida de cor café ou púrpura. Posúen un tubo arredor do talo na base de cada folla. Flores pequenas, de cor rosa, que se agrupan en inflorescencias esféricas densas na punta dos talos. O froito é un aquenio seco, dunha soa semente.

HÁBITAT

Climas temperados e solos ben drenados.

DISTRIBUCIÓN

Europa, América do Norte, América do Sur, África e Oceanía.

CURIOSIDADES

Planta tapizante que, ademais do seu rápido crecemento e as súas curiosas flores rosas en forma de pompón, ten usos medicinais en Asia e pode volverse invasora se non se controla a súa expansión.